


A mar anda que desanda
 Anda que desaparece
 Quem ten amores mar
 Quem no nos ten, aa
 III
 Eu non sei e' que m
 Que non te fado o
 Oe dia, n'ó pensa
 E de noite, n'ó s




OS XOVES DA RÚA TABERNAS

**EUGENIA OSTERBERGER. COMPOSITORA GALEGA.
 CONCERTO E SEMBLANZA BIOGRÁFICA.**

Xoves, 3 de abril de 2014, ás 18 horas.
 Museo de Belas Artes da Coruña





EUGENIA OSTERBERGER. COMPOSITORA GALEGA. CONCERTO E SEMBLANZA BIOGRÁFICA.

Xoves, 3 de abril de 2014, ás 18 horas no Museo de Belas Artes da Coruña.

En colaboración co Museo de Belas Artes, por primeira vez fóra da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, esta actividade pretende recoñecer a figura de Eugenia Osterberger e aproximar ao público a súa vida, produción musical e significación histórica dándolle a relevancia que merece.

Rosario Martínez, investigadora, fará a semblanza biográfica. Beatriz López-Suevos Hernández, pianista, analizará a súa obra e a súa relevancia na creación musical galega da época. Susana de Lorenzo, soprano, daralle voz as composicións seleccionadas.

Eugenia Osterberger Luard. Madame Saunier.
(Ano 1852- sen datar)

Compositora nada en Santiago de Compostela no ano 1852, un ano despois do nacemento de Emilia Pardo Bazán. Fillá da coruñesa Emilia Luard Álvarez e do relevante gravador e litógrafo Jorge Osterberger.

Formada en Galicia e Francia, temos constancia da súa gran cultura, do seu bo

dominio do uso do galego, o castelán e o francés. Recibe así mesmo unha educación musical moi superior á recibida en xeral polas xoves da súa época, que fortalece a súa especial sensibilidade pola música e a súa predilección polo piano -instrumento sen o cal séntese *corpo sen alma, espírito sen alimento*- estimulando o traballo



de compoñer un moi notable número de obras, editadas en París, A Coruña e Madrid.

No ano 1879 contrae matrimonio con Francisco Saunier establecéndose na cidade da Coruña, xa que a el lle foi encargada a tarefa de dirección da Fábrica de Gas, encargada do subministro da rede de alumeamento público.

A pesar de ser nai de sete fillos, a compositora caracterízase pola súa presenza activa na vida cultural e social da cidade, sen renunciar a súa labor de compositora. O seu talento musical e o seu carácter activo fan que secunde propostas que procuran a dignificación da cultura galega; propostas promovidas por Emilia Pardo Bazán e polo grupo de intelectuais que posteriormente fundan a Real Academia Galega.

Osterberger contribúe á creación dunha

música culta galega con raíces na poesía popular tradicional, seguindo a moda da Europa de aquel entón; colabora coa autora de *La Tribuna* noutras actividades de carácter social, como a fundación de *El patronato de las colonias escolares*, da que foi Secretaria ata a súa marcha da cidade na primeira década do século XX.

Segundo os datos recollidos na Real Academia Galega, institución á que pertence como membro correspondente desde o ano fundacional, Eugenia traslada a súa residencia á Costa Azul francesa. Non atopamos información vinculada á compositora tras a súa marcha polo que non podemos constatar a data exacta do seu falecemento.

Sobre a súa produción musical.

Atendendo ao coñecemento que temos da súa obra localizada a día de hoxe, clasificamos a actividade de composición de Osterberger en dous tipos de repertorios: as pezas destinadas a ser interpretadas por piano solista e as cancións e melodías galegas para voz e piano. As editoriais nas que publica a súa obra son as seguintes: Canuto Berea y C^a,

Zozaya, Casa Dotesio e a parisiense F. Laurens; ademais das edicións a cargo da propia compositora.

As composicións para piano están encadradas no xénero pianístico de salón, abordables por intérpretes diletantes, nas súas dúas vertentes fundamentais: como peza lírica e como baile de salón.

Como pezas líricas enmarcamos as obras *Méditation* (noturno), *Scherzo*, *Le Rouet de Grand'Maman* (fileuse) e a adaptación da melodía de Francisco Pillado, *El Recuerdo* (dolce lembranza).

Como pezas inspiradas nos bailes de salón aglutinamos a *1^{ère} Polonaise* (polonesa), *Pavana Louis XIII* (pavana), *Les Hirondelles* (valse de salón), *Insinuante* (vals lento), *Lucia* (wals de salón) e a *Danza morisca*.

Dentro do repertorio vocal localizamos unha aria, *Ma mi dicesi*, op. 158; unha melodía italiana, *Ove sei?*; as melodías galegas *Ausencia*, *¡Adiós, Galicia!*, *Falas de Nai*; e as oito *Cántigas y Melodías Gallegas* dedicadas ao Centro Gallego de Buenos Aires.

Para compoñer as melodías galegas, Eugenia Osterberger escolle poetas galegos como C.Vaamonde Lores, Manuel Lois Vázquez e o Marqués de Figueroa, ademais de poesía popular recompilada por José Pérez Ballesteros no *Cancionero Popular Gallego*.

Sumamos a súa contribución de melodías galegas ao amplo repertorio de pezas da autoría de compositores da talla de Marcial del Adalid, Xoán Montes, José Castro “Chané”, José Baldomir e Enrique Lens.





Programa

As pezas escollidas para este recital abranguen un compendio diverso e representativo da obra de Eugenia Osterberger, dentro do repertorio vocal.

Intervirán:

Rosario Martínez Martínez. Investigadora

Susana de Lorenzo. Soprano

Beatriz López-Suevos Hernández. Pianista

Ma mi dicesti. Op. 158. Aria.

Continuadora da liña seguida polas arias de ópera compostas no século XIX. Expresión apaixonada do reproche por unha promesa de amor non cumprida.

Ove sei? Melodía italiana.

Composta a partir dun poema escrito por Giosué Carducci.

Segue a tradición da canción italiana, tamén coñecida como *canción de salón*, propia da etapa da *Belle Époque*. Na mesma liña de compositores como *Paolo Tosti* (1846-1916). O acompañamento ao piano procura a sinxeleza, coa finalidade de realzar a melodía sentimental e *cantabile*.

¡Adiós a Galicia! Melodía galega.

Composta a partir do poema *¡Adiós!!* do médico e poeta nado en Maside, Manuel Lois Vázquez. Versa sobre a despedida dun soldado que “cheo de melancolía” parte de Maside, terra natal do autor do poema. O soldado despídese da paisaxe e do seu pobo, das “feituquiñas nenas” e da súa “nai querida”. A peza é o himno de Maside.

Ausencia. Melodía galega.

Composta a partir dun poema de *Carlos Vaamonde*.

A emigración é novamente protagonista. Un emigrado sofre angustia por se sentir “lonxe, moi lonxe da terra querida”. Expresión do sentimento de morriña, tan só consolada pola esperanza dun retorno á Galicia natal, para así poder abrazar a súa nai.

Cántigas y Melodías Gallegas.

Pezas compostas a partir das cantigas recompiladas por *José Ballesteros* no *Cancioneiro Popular Gallego*. A compositora escolle unha serie de cantigas variadas na súa temática, estilo e forma ao que suma un breve interludio ao piano que serve de enlace entre as estrofas do texto. Presenta sonoridades propias da música galega, como roncóns de gaita ou pequenos “aturuxos”. As cantigas escollidas son *Amorosas*, *Burlescos*, *Casamiento*, *Consejos*, *Tristeiras*, *Desaires*, *Despedidas* e *Desprecios*.

Falas de nai. Melodía galega.

Composta a partir dun poema do *Marqués de Figueroa*, editado na madrileña *Sociedad Anónima Casa Dotesio* no ano 1913. Unha nai fala do seu fillo pequeno ao que advirte dun feito: “ningunha muller debe facer esquecer a unha nai, xa que “o amor constante dunha nai” é firme e perseverante”.



Deputación
DA CORUÑA

Casa-Museo



**EMILIA
PARDO
BAZÁN**



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA